

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, O PARLAMENTO DE GALICIA, AUGAS DE GALICIA E A AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS PARA A ACTUALIZACIÓN TECNOLÓXICA DE SOFTWARE DE SERVIDOR, BACKOFFICE E ESCRITORIO DA XUNTA DE GALICIA

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, **Julián Cerviño Iglesia**, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante **AMTEGA**), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a Julián Cerviño Iglesia.

Doutra parte, **José Ramón Parada Jorgal**, xerente do Servizo Galego de Saúde (en diante **SERGAS**), actuando en nome e representación do Organismo Autónomo, en virtude das facultades que conferidas polo Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e o Decreto 116/2024, do 29 de abril, polo que se nomea xerente do Servizo Galego de Saúde a José Ramón Parada Jorgal.

Doutra parte, **Covadonga Toca Carús**, directora do Instituto Galego de Promoción Económica, (en diante **IGAPE**) actuando en nome e representación de dito Instituto, en virtude das facultades que lle confire o artigo 12 da Lei 5/1992, de 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, nomeada directora segundo o nomeamento do IGAPE a través do Acordo do 22 de xuño de 2023, do Consello de Dirección, relativo ao cesamento e ao nomeamento do titular da dirección xeral deste instituto.

Doutra parte, **Lois Orosa Nogueira**, director xerente da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante **CESGA**), actuando en nome e representación deste centro, por delegación do seu Presidente, en virtude das facultades conferidas mediante acordo do seu Patronato de 24 de febreiro de 2022.

Doutra parte, **Miguel Ángel Santalices Vieira**, presidente do Parlamento de Galicia (en diante **PARLAMENTO**), actuando en nome e representación desta institución en virtude das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Doutra parte, **Ángeles Vázquez Mejuto**, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e presidenta da entidade pública empresarial Augas de Galicia (en diante **AUGAS**), en nome e representación desta, no exercicio das funcións atribuídas polo artigo 13 da LEI 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia e do artigo 6 do Estatuto aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, modificado polo Decreto 50/2023, do 11 de maio, polo que se modifica o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

E doutra parte, **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes e presidente da AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (en diante **AXEGA**), en nome e representación desta, no exercicio das funcións atribuídas pola Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia e en relación coas competencias atribuídas no Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega de Emerxencias.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude



EXPOÑEN

Primeiro.- Que a AMTEGA é unha axencia pública autonómica, regulada polo Decreto 9/2021 do 21 de xaneiro, que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

A AMTEGA ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa ás tecnoloxías da información e comunicacións, innovación e desenvolvemento tecnolóxico, concentrando os recursos humanos, materiais e orzamentarios asociados ás estruturas de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) do sector público autonómico.

Entre as funcións da AMTEGA atópanse as seguintes:

- A xestión da infraestrutura de sistemas dos centros de proceso de datos da rede corporativa da Xunta de Galicia e establecemento das políticas de apoio destes centros.
- A planificación, implantación e xestión da plataforma tecnolóxica: servidores, sistemas de almacenamento e software de base da Xunta de Galicia.
- O mantemento e soporte permanente da infraestrutura de sistemas: supervisión e monitorización da plataforma tecnolóxica, así como administración, instalación, configuración e explotación da infraestrutura de sistemas.
- A evolución e optimización da plataforma hardware y software de base.

O SERGAS é un organismo autónomo de carácter administrativo con personalidade xurídica propia, adscrito á Consellería de Sanidade, segundo se establece na Lei 1/1989 do 2 de xaneiro do Servizo Galego de Saúde. Segundo se desprende do artigo 3 desta Lei correspóndelle o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas.

O IGAPE é un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios adscrito á Consellería de Economía e Industria, tal e como se recolle na Lei 5/1992, de 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica. O Igape, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 5/1992, créase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

O CESGA constituíuse mediante escritura pública outorgada en Santiago de Compostela o 23 de setembro de 2002 e clasificada como mixta segundo a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 26 de setembro de 2002. Segundo consta no artigo 7 do seus estatutos son fins de esta Fundación todos aqueles que promovan a investigación e o uso do cálculo intensivo, comunicacións avanzadas e desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicacións, como instrumento par ao desenvolvemento socioeconómico sostible, adicando especial atención as relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados do sector produtivo.

O PARLAMENTO é un órgano estatutario que ten como función representar o pobo de Galicia e que é a primeira das institucións da Comunidade Autónoma Galega da que se derivan todas as outras. Está facultado para exercer os poderes públicos de Galicia, xunto coa Xunta de Galicia e o seu Presidente, segundo dispoñen os artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia e de conformidade coa Constitución Española. O artigo 60.1 do regulamento do Parlamento establece que este disporá dos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións, especialmente de servizos técnicos, de documentación e de asesoramento. Para estes efectos, o Parlamento precisa proverse de sotware de servidor, backofice e escritorio, considerando como mecanismo idóneo para satisfacer esta necesidade a adhesión ao acordo marco citado.

AUGAS, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia,



adscrita á Consellería de Medio Ambiente e cambio climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

A AXEGA é unha axencia pública autonómica, con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e plena capacidade para o desenvolvemento dos seus fins. Configúrase como ente instrumental para a xestión das emerxencias segundo as instrucións emanadas do órgano administrativo que ten as facultades para a xestión de emerxencias e a protección civil e ten entre as súas funcións a xestión do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e a prestación material da asistencia requirida polos cidadáns e polas cidadás a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que lles corresponda atender a outros organismos competentes na materia.

Segundo.- Debido ao constante cambio tecnolóxico e ás continuas melloras nas prestacións e funcionalidades que afectan a todas as infraestruturas hardware e software do mercado e, en particular, aos instalados nas plataformas de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia, é necesario proceder á actualización das compoñentes software para así poder satisfacer as novas necesidades e, así mesmo, poder ser executadas de forma eficaz no novo hardware.

Terceiro.- Para a esta actualización tecnolóxica é necesario acudir á contratación pública. Deste xeito, a AMTEGA licitou o Acordo marco cun único empresario, da subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia (Expte.-AMT-2024-0082).

O citado acordo marco foi adxudicado mediante Resolución do 12 de febreiro de 2025 á empresa "TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SAU". De acordo co establecido no punto 2.1 do seu prego de cláusulas administrativas particulares, poderán celebrar contratos derivados baseados neste acordo marco todos os departamentos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público autonómico ás que se refire o artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para as que o acordo marco será de utilización obrigatoria, agás xustificación expresa por mor de necesidades especiais funcionais ou tecnolóxicas, que non queden adecuadamente cubertas coas características deste acordo marco. Ademais, tamén poderán celebrar contratos derivados baseados neste acordo marco outras entidades distintas das indicadas no parágrafo anterior (como o Parlamento de Galicia ou as entidades locais), previa celebración do correspondente convenio de colaboración coa Axencia, de acordo co establecido no artigo 20.5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro.

Cuarto.- O artigo 15.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece a posibilidade de celebrar convenios de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común, que se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si. A modalidade de actuación no financiamento conxunto deste contrato será a establecida no artigo 16.a) de dita Lei.

Pola súa parte, resulta tamén de interese para o Parlamento aproveitar a experiencia da Amtega neste tipo de procedementos para que sexa esta última axencia a que licite o primeiro contrato baseado no acordo marco citado, incluíndo no seu obxecto os produtos a fornecer para o seu uso polo organismo estatutario. Acódese, deste xeito, a un sistema de cooperación horizontal entre entidades públicas, previsto no artigo 31 da LCSP, artellando por medio deste convenio o financiamento que para tal fin achegará o Parlamento de Galicia.

Tendo en conta o anterior, a AMTEGA, o SERGAS, o IGAPE, o CESGA, o PARLAMENTO, AUGAS e a AXEGA manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a AMTEGA, o SERGAS, o IGAPE, o CESGA, o PARLAMENTO, AUGAS e a AXEGA para o financiamento conxunto do **primeiro contrato derivado do expediente AMT-2024-0082** de subministro e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio existente en diferentes organismos e entes dependentes da Xunta de Galicia.

Segunda.- Financiamento

O importe da achega da **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)** para a execución do obxecto mencionado na cláusula anterior, ascenderá a un máximo de CATRO MILLÓNS NOVECENTOS OITENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.985.571,99 €), IVE non incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2025: 1.661.857,33 €
- Anualidade 2026: 1.661.857,33 €
- Anualidade 2027: 1.661.857,33 €
- Anualidade 2028: 0,00 €

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2025	ANO 2026	ANO 2027	ANO 2028	TOTAL (S/IVE)
10.A1.571A.626.0	1.661.857,33 €	1.661.857,33 €	1.661.857,33 €	0,00 €	4.985.571,99 €

O importe da achega do **Servizo Galego de Saúde (SERGAS)** para a execución do obxecto mencionado na cláusula anterior, ascenderá a un máximo de DOUS MILLÓNS SETECENTOS DEZASETE MIL DOUSCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (2.717.222,61 €), IVE non incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2025: 0,00 €
- Anualidade 2026: 905.740,87 €
- Anualidade 2027: 905.740,87 €
- Anualidade 2028: 905.740,87 €

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2025	ANO 2026	ANO 2027	ANO 2028	TOTAL (S/IVE)
50.01.411A.621.4	0,00 €	905.740,87 €	905.740,87 €	905.740,87 €	2.717.222,61 €

O importe da achega do **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)** para a execución do obxecto mencionado na cláusula anterior, ascenderá a un máximo de CENTO DEZASETE MIL CINCOCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (117.574,59 €), IVE non incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2025: 39.191,53 €
- Anualidade 2026: 39.191,53 €
- Anualidade 2027: 39.191,53 €
- Anualidade 2028: 0,00 €



APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2025	ANO 2026	ANO 2027	ANO 2028	TOTAL (S/IVE)
09.A1.741A.626.0	39.191,53 €	39.191,53 €	39.191,53 €	0,00 €	117.574,59 €

O importe da achega do **Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia** (CESGA) para a execución do obxecto mencionado na cláusula anterior, ascenderá a un máximo de CORENTA E CINCO MIL OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (45.085,86 €), IVE non incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2025: 15.028,62 €
- Anualidade 2026: 15.028,62 €
- Anualidade 2027: 15.028,62 €
- Anualidade 2028: 0,00 €

Conta Contable	ANO 2025	ANO 2026	ANO 2027	ANO 2028	TOTAL (S/IVE)
621	15.028,62 €	15.028,62 €	15.028,62 €	0,00 €	45.085,86 €

O importe da achega do **PARLAMENTO DE GALICIA** (PARLAMENTO) para a execución do obxecto mencionado na cláusula anterior, ascenderá a un máximo de DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL SEISCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (271.643,70 €), IVE non incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2025: 90.547,90 €
- Anualidade 2026: 90.547,90 €
- Anualidade 2027: 90.547,90 €
- Anualidade 2028: 0,00 €

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2025	ANO 2026	ANO 2027	ANO 2028	TOTAL (S/IVE)
01.01.111B.220.02	90.547,90 €	90.547,90 €	90.547,90 €	0,00 €	271.643,70 €

O importe da achega do **Augas de Galicia** (AUGAS) para a execución do obxecto mencionado na cláusula anterior, ascenderá a un máximo de DOUSCENTOS SESENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (266.344,35 €), IVE non incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2025: 88.781,45 €
- Anualidade 2026: 88.781,45 €
- Anualidade 2027: 88.781,45 €
- Anualidade 2028: 0,00 €

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2025	ANO 2026	ANO 2027	ANO 2028	TOTAL (S/IVE)
06.82.542B 64019	88.781,45 €	88.781,45 €	88.781,45 €	0,00 €	266.344,35 €

O importe da achega do **AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS** (AXEGA) para a execución do obxecto mencionado na cláusula anterior, ascenderá a un máximo de SETENTA E CINCO MIL CATROCENTROS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (75.434,88 €), IVE non incluído, coa seguinte distribución por anualidades:



- Anualidade 2025: 25.144,96 €
- Anualidade 2026: 25.144,96 €
- Anualidade 2027: 25.144,96 €
- Anualidade 2028: 0,00 €

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2025	ANO 2026	ANO 2027	ANO 2028	TOTAL (S/IVE)
05.A1.212A.640.0	25.144,96 €	25.144,96 €	25.144,96 €	0,00 €	75.434,88 €

Terceira.- Compromisos a desenvolver

Ao abeiro deste convenio, pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)**, desenvolveranse os seguintes compromisos:

- A tramitación e adxudicación do primeiro contrato baseado do acordo marco, cun único empresario, da subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia (Expte.-AMT-2024-0082)
- O financiamento, por importe de 4.985.571,99 € (IVE non incluído), do subministro dos seguintes produtos:

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)		
Código	Descrición	Unidades
312-02257	Exchange Server Standard ALng SA	2
381-01615	Exchange Standard CAL SLng SA Device CAL	8.722
394-00559	Exchange Standard CAL SLng SA User CAL	3.278
395-02504	Exchange Server Ent ALng SA	14
68B-00008	Power BI Premium USL Sub Per User	18
6VC-01253	Win Remote Desktop Services CAL ALng SA DCAL	570
6VC-01254	Win Remote Desktop Services CAL ALng SA UCAL	500
76N-02480	SharePoint Enterprise CAL SLng SA Device CAL	2.520
77D-00111	Visual Studio Pro MSDN ALng SA	9
7JQ-00343	SQL Server Enterprise Core ALng SA 2L	116
7NQ-00292	SQL Server Standard Core ALng SA 2L	125
83I-00001	M365 Copilot Managed Sub Add-on	60
9EA-00278	Win Server DC Core ALng SA 2L	170
9EM-00270	Win Server Standard Core ALng SA 2L	4.440
AAA-10732	EMS E3 ALng Sub Per User	996
AAA-10766	Win E3 FSA Renewal ALng Sub Per User	866
AAA-10787	Win E3 ALng Sub Per User	20
AAA-10842	O365 E3 Existing Customer Sub Per User	1.585
AAD-33200	M365 E3 Unified FSA Renewal Sub Per User	35
GTQ-00002	Power BI Premium EM1 Sub	1



Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)		
Código	Descrición	Unidades
H04-00268	SharePoint Server ALng SA	26
H05-00214	SharePoint Standard CAL SLng SA Device CAL	2.500
NK4-00002	Power BI Pro Sub Per User	6
R18-00085	Win Server CAL SLng SA DCAL	8.722
R18-00086	Win Server CAL SLng SA UCAL	5.978
R39-00396	Win Server External Connector ALng SA	4
T6A-00024	O365 E1 Existing Customer Sub Per User	63
V9B-00001	Teams Rooms Pro Sub Per Device	1
W06-00021	Core CAL ALng SA DCAL	866

Ao abeiro deste convenio, polo **Servizo Galego de Saúde (SERGAS)**, desenvolverase o seguinte compromiso:

- O financiamento, por importe de 2.717.222,61 € (IVE non incluído), do subministro dos seguintes produtos:

Servizo Galego de Saúde (SERGAS)		
Código	Descrición	Unidades
312-02257	Exchange Server Standard ALng SA	7
381-01615	Exchange Standard CAL SLng SA Device CAL	500
394-00559	Exchange Standard CAL SLng SA User CAL	6.000
395-02504	Exchange Server Ent ALng SA	11
6VC-01253	Win Remote Desktop Services CAL ALng SA DCAL	800
76N-02480	SharePoint Enterprise CAL SLng SA Device CAL	10
7JQ-00343	SQL Server Enterprise Core ALng SA 2L	24
7NQ-00292	SQL Server Standard Core ALng SA 2L	100
7R7-00002	O365 E1 FSA Renewal Sub Per User	500
83I-00001	M365 Copilot Managed Sub Add-on	20
9EA-00278	Win Server DC Core ALng SA 2L	16
9EM-00270	Win Server Standard Core ALng SA 2L	2.840
AAA-10766	Win E3 FSA Renewal ALng Sub Per User	1.500
AAA-10842	O365 E3 Existing Customer Sub Per User	100
AAA-12414	CCAL Bridge O365 Sub Per User	600
AAA-12416	CCAL Bridge O365 FSA Renewal Sub Per User	500
D75-01981	Biztalk Svr Std ALng SA 2 Lic Core Lic	4
F52-02145	Biztalk Svr Ent ALng SA 2 Lic Core Lic	4
H04-00268	SharePoint Server ALng SA	6
JFX-00003	M365F3FullUSL ShrdSvr ALNG SubsVL MVL PerUsr	100



Servizo Galego de Saúde (SERGAS)		
Código	Descrición	Unidades
MX3-00117	Visual Studio Ent MSDN ALng SA	1
R18-00085	Win Server CAL SLng SA DCAL	500
R18-00086	Win Server CAL SLng SA UCAL	6.000
R39-00396	Win Server External Connector ALng SA	2
T6A-00024	O365 E1 Existing Customer Sub Per User	500
W06-00021	Core CAL ALng SA DCAL	5.150

Ao abeiro deste convenio, polo **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)**, desenvolverase o seguinte compromiso:

- O financiamento, por importe de 117.574,59 € (IVE non incluído), do subministro dos seguintes produtos:

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)		
Código	Descrición	Unidades
359-00800	SQL CAL SLng SA Device CAL	150
395-02505	Exchange Server Ent SLng SA	2
77D-00111	Visual Studio Pro MSDN ALng SA	1
810-04862	SQL Server Enterprise SLng SA	2
9EM-00263	Win Server Standard Core SLng SA 2L	176
AAA-10787	Win E3 ALng Sub Per User	150
AAD-33204	M365 E3 Unified Existing Customer Sub Per User	15
H04-00269	SharePoint Server SLng SA	1
W06-00021	Core CAL ALng SA DCAL	135
W06-00022	Core CAL ALng LSA DCAL	15

Ao abeiro deste convenio, polo **Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)**, desenvolverase o seguinte compromiso:

- O financiamento, por importe de 45.085,86 € (IVE non incluído), do subministro dos seguintes produtos:

Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)		
Código	Descrición	Unidades
AAA-10732	EMS E3 ALng Sub Per User	40
AAA-10842	O365 E3 Existing Customer Sub Per User	40
H30-00256	Project Professional SLng SA 1 Server CAL	1

Ao abeiro deste convenio, polo **Parlamento de Galicia (PARLAMENTO)**, desenvolverase o seguinte compromiso:

- O financiamento, por importe de 271.643,70 € (IVE non incluído), do subministro dos seguintes produtos:



Parlamento de Galicia (PARLAMENTO)		
Código	Descrición	Unidades
68B-00008	Power BI Premium USL Sub Per User	5
7JQ-00355	SQL Server Enterprise Core SLng SA 2L	2
83I-00001	M365 Copilot Managed Sub Add-on	5
9EA-00268	Win Server DC Core SLng SA 2L	48
AAD-33204	M365 E3 Unified Existing Customer Sub Per User	175
H04-00269	SharePoint Server SLng SA	2
R39-00404	Win Server External Connector SLng SA	1
TRA-00047	Exchange Online P1 Sub Per User	90

Ao abeiro deste convenio, por **Augas de Galicia (AUGAS)**, desenvolverase o seguinte compromiso:

- O financiamento, por importe de 266.344,35 € (IVE non incluído), do subministro dos seguintes produtos:

Augas de Galicia (AUGAS)		
Código	Descrición	Unidades
77D-00110	VSPProSubMSDN ALNG LicSAPk MVL	2
7JQ-00341	SQLSvrEntCore ALNG LicSAPk MVL 2Lic CoreLic	3
7NQ-00302	SQLSvrStdCore ALNG LicSAPk MVL 2Lic CoreLic	4
AAA-10842	O365 E3 Existing Customer Sub Per User	210
H04-00232	SharePointSvr ALNG LicSAPk MVL	2

Ao abeiro deste convenio, pola **AXEGA 112 (AXEGA)**, desenvolverase o seguinte compromiso:

- O financiamento, por importe de 75.434,88 € (IVE non incluído), do subministro dos seguintes produtos:

Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA)		
Código	Descrición	Unidades
68B-00008	Power BI Premium USL Sub Per User	2
6VC-01252	WinRmtDsktpSrvcsCAL ALNG LicSAPk MVL UsrCAL	40
77D-00110	VSPProSubMSDN ALNG LicSAPk MVL	2
7NQ-00302	SQLSvrStdCore ALNG LicSAPk MVL 2Lic CoreLic	4
9EM-00562	WinSvrSTDCore ALNG LicSAPk MVL 2Lic CoreLic	160
W06-00022	Core CAL ALng LSA DCAL	50

Os importes totais por cada unha das partes participantes son os que figuran a continuación:

Entidade	Importe (sen IVE)	IVE	Total (IVE incl.)
AMTEGA	4.985.571,99 €	1.046.970,12 €	6.032.542,11 €
SERGAS	2.717.222,61 €	570.616,75 €	3.287.839,36 €
IGAPE	117.574,59 €	24.690,66 €	142.265,25 €



Entidade	Importe (sen IVE)	IVE	Total (IVE incl.)
CESGA	45.085,86 €	9.468,03 €	54.553,89 €
PARLAMENTO	271.643,70 €	57.045,18 €	328.688,88 €
AUGAS DE GALICIA	266.344,35 €	55.932,31 €	322.276,66 €
AXEGA (EMERXENCIAS 112)	75.434,88 €	15.841,32 €	91.276,20 €
TOTAIS	8.478.877,98 €	1.780.564,37 €	10.259.442,35 €

Os gastos a maiores, que deriven da execución do contrato sobre o orzamento de adxudicación, derivados de modificacións contractuais, revisión de prezos ou liquidacións, aboaranse polos participantes na parte que proporcionalmente lle afecte.

Cuarta.- Expediente de contratación

No expediente de contratación do primeiro contrato baseado do acordo marco, cun único empresario, da subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia (Expte.-AMT-2024-0082) acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas mediante a incorporación deste convenio, así como os certificados de existencia de crédito e a documentación que acredita a súa retención, ou documentos que legalmente os substitúan, sen que sexa preciso a formalización de garantías entre as entidades do sector público participantes.

A AMTEGA actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste convenio e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coas demais entidades participantes.

Quinta.- Modalidade de actuación no financiamento conxunto

A modalidade de actuación no financiamento conxunto que se aplica neste convenio é a denominada concorrencia subxectiva na posición do contratante, prevista no artigo 16 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

A AMTEGA, o SERGAS, o IGAPE, o CESGA, o PARLAMENTO, AUGAS e a AXEGA quedarán obrigados respecto do contratista, concorrendo á cotitularidade do contrato, e serán responsables directos cada un deles da obriga de pagamento das cantidades comprometidas nas cláusulas segunda e terceira.

Cada participante deste convenio será responsable de aboarlle, ao contratista do primeiro contrato baseado do acordo marco de subministración e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia (AMT-2024-0082) os produtos adquiridos nos termos establecidos no dito acordo marco e no contrato baseado e segundo o prezo acordado.

Polo tanto, cada parte deste convenio deberá aboarlle ao contratista soamente a súa parte e non será responsable do aboamento da outra parte. Esta cuestión deberá constar expresamente na folla de especificacións do contrato baseado.

Sexta.- Vixencia

Este convenio producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que se extinga o primeiro contrato baseado previsto e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2028. En caso de previsión de prórroga do dito contrato baseado, poderase prorrogar tamén con carácter previo a vixencia deste convenio, mediante a subscripción dunha addenda na que se detallarán os compromisos das partes.

Sétima.- Resolución

Este convenio resolverase:



- Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Pola finalización da súa vixencia.
- Pola denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra cunha antelación de tres meses.
- Polo incumprimento da normativa vixente en materia contractual.

Oitava.- Modificación

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes addendas ao mesmo.

De acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Novena.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da AMTEGA, dous representantes do SERGAS, dous representantes do IGAPE, dous representantes do CESGA, dous representantes do PARLAMENTO, dous representantes de AUGAS e dous representantes de AXEGA, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Esta comisión estará presidida polo director da AMTEGA.

Décima.- Publicidade

As partes consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio no rexistro público de Convenios, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que se debe de facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración Autonómica publicará o texto íntegro do convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consentem a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo primeira .- Protección de Datos de Carácter Persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo segunda.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias estipulacións. Supletoriamente seranlle de aplicación os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse durante a súa vixencia.



Respecto do PARLAMENTO, como primeiro poder público previsto no artigo 9.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia e ao abeiro da disposición adicional quinta da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, seralle de aplicación a súa normativa específica, no marco dos principios que inspiran a actuación administrativa de acordo coa citada lei.

2. Durante a execución do convenio, as discrepancias que poidan producirse entre a AMTEGA, o SERGAS, o IGAPE, o CESGA, AUGAS e a AXEGA, e que non poidan ser resoltas no seo da Comisión de Seguimento, resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Respecto do PARLAMENTO, as cuestións litixiosas que xurdan durante o desenvolvemento e execución do convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este convenio no lugar e data sinalados.

O director da AMTEGA

Julián Cerviño Iglesia

O director xerente do CESGA

Lois Orosa Nogueira

O xerente do SERGAS

José Ramón Parada Jorgal

O presidente do PARLAMENTO

Miguel Ángel Santalices Vieira

A directora xeral do IGAPE

Covadonga Toca Carús

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio
Climático en calidade de Presidenta de AUGAS

Ángeles Vázquez Mejuto

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en
calidade de Presidente da AXEGA

Diego Calvo Pouso

